



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

**Programación da materia
HISTORIA DA MÚSICA
4º e 5º Cursos de Grao Profesional
Curso 2020-2021**



Docente: José Ángel Vilas Rodríguez





Índice

Introdución.....	3
1. Metodoloxía.....	5
2. Atención á diversidade.....	6
3. Temas transversais.....	6
3.1 Educación en valores.....	6
3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	7
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	7
5. Secuenciación do curso.....	8
5.1 Curso 4º de Grao Profesional.....	8
5.1.1 Obxectivos.....	8
5.1.2 Contidos.....	10
5.1.3 Avaliación.....	12
5.1.4 Medidas de recuperación.....	21
5.1.5 Recursos didácticos.....	23
5.1.6 Adaptación a un posible escenario de actividad lectiva semi-presencial.....	24
5.1.7 Adaptación a un posible escenario de actividad lectiva non presencial.....	24
5.1.8 Plan de reforzo e recuperación.....	25
5.2 Curso 5º de Grao Profesional.....	27
5.2.1 Obxectivos.....	27
5.2.2 Contidos.....	29
5.2.3 Avaliación.....	32
5.2.4 Medidas de recuperación.....	41
5.2.5 Recursos didácticos.....	43
5.2.6 Adaptación a un posible escenario de actividad lectiva semi-presencial.....	44
5.2.7 Adaptación a un posible escenario de actividad lectiva non presencial.....	44
5.2.8 Plan de reforzo e recuperación.....	45
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	46
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	46
8. ANEXOS.....	47
8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	47
8.2 Probas de acceso a 2º, 3º e 4º curso do grao elemental.....	47
8.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do grao profesional.....	47
8.3.1 Proba de acceso a 5º curso.....	47
8.3.2 Proba de acceso a 6º curso.....	48
8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	49
8.5 Sección bilingüe.....	50





Introdución

Contextualización

A presente programación de Historia da música de 4º e 5º de Grao Profesional está fundamentada no Decreto 203/2007 do 27 de setembro.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela sitúase na cidade dende o ano 2004, cando foi construído. Depende da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e nel impártense as materias de Grao Elemental e Grao Profesional segundo a regulación vixente dentro do marco das ensinanzas de réxime especial de música.

As familias dos alumnos que realizan estudos no centro presentan moita heteroxeneidade sociocultural; maioritariamente proceden da cidade e da contorna más próxima, e entenden os estudos musicais como complementarios con respecto aos seus outros estudos. Pero tamén hai presenza de alumnos da contorna más afastada, que se desprazan para vir ao centro, e que moitas veces enfocan seus estudos musicais especificamente a conseguir unha titulación profesional, ás veces enfocada a emprender estudos superiores de música. Tamén se constata a presenza de estudiantes da Universidade de Santiago que buscan no Conservatorio finalizar os seus estudos profesionais de música iniciados en outros centros. Todo isto provoca un certo grao de heteroxeneidade no alumnado do Conservatorio. Isto afecta especialmente ao presente Departamento de Fundamentos, pois súas materias impártense na etapa final do Grao Profesional, dende 3º ata 6º, período que coincide co paso dos estudos da ESO aos de Bacharelato e Universidade.

Neste contexto, o Conservatorio pretende responder ás necesidades formativas da cidade e da contorna de xeito aberto e integrador, contribuíndo á formación musical e artística integral do alumnado, axudando a que desenvolva súa capacidade crítica e súa autonomía persoal, que lle poidan prepara para posibles estudos posteriores.

Efectos da situación excepcional sobrevida no curso anterior pola covid-19





No curso pasado 2019-20 o desenvolvemento da actividade docente viuse afectado polo estado de alarma consecuencia do andazo provocado pola covid-19. Durante o 3º trimestre suspendéronse as actividades lectivas presenciais, e seguindo as instrucións recibidas, desenvolvéronse actividades telemáticas de repaso, recuperación ou reforzo da parte da materia xa impartida no período presencial. Por esta razón, na materia de Historia da música, a parte da docencia correspondente ao 3º trimestre non se pudo desenvolver de maneira axeitada. Isto trae como consecuencia que a materia de Historia de 5º do presente curso 2020-21 retome os obxectivos e contidos do 3º trimestre de Historia de 4º do ano pasado. A materia de Historia de 5º, ao non ter continuidade en 6º, non é susceptible dunha solución análoga.

A Historia da música como materia de estudo

A Historia da música débelle descubrir ao alumnado a existencia dun espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical. Esta disciplina terá un marcado enfoque práctico: non se tratará da simple enumeración de datos, obras, datas e autores. A súa principal finalidade será ensanchar os horizontes das pezas ou exercicios técnicos afrontados co seu instrumento día a día.

A materia presentará un amplio panorama histórico no que teñan cabida os períodos en que, cun criterio máis ou menos convencional, se adoita dividir a historia da música, e abordaranse dun xeito crítico, con consciencia de que esta é unha das maneiras de contar a historia, pero non a única posible. Afondarase especialmente nas épocas que legaron documentación musical, que forman o grosor do repertorio no que se centran os estudos instrumentais, deixando outras correntes anteriores ou de tradición non occidental como más propias dos estudos especializados de musicoloxía e de menos interese para o alumnado do centro.

O alumnado debe aprender as características e circunstancias máis salientables de cada período mediante a audición de obras representativas e o contacto coas fontes. Para iso terase en conta a previa instrución cultural recibida no ensino obligatorio, que





se aproveitará incidindo na evolución da música como un fenómeno conectado co resto das artes, dependentes dos cambios operados na cultura e na sociedade.

O coñecemento dun espectro de estilos axudará a desenvolver o seu sentido crítico; a práctica de audicións comentadas colaborará a moldear o seu gusto e halle permitir unha escoita máis artística e menos técnica; o contacto coas fontes axudará a entender a música como unha manifestación dependente doutros factores sociais, e non como unha simple sucesión de notas. O coñecemento adquirido enriquecerá a súa interpretación musical, xa que a partitura revestirse dunha nova dimensión, o que permitirá unha axeitada localización temporal, cultural e estilística.

Malia a perspectiva eminentemente práctica da materia, que procurará a participación activa do alumnado, a historia da música non debe desligarse das bases teóricas precisas, extraídas sinaladamente nas fontes históricas. Xa que logo, o alumnado deberá entrar en contacto con escrituras e grafías diferentes das que ten o hábito de manexar, e iniciarse na consulta de diversos tipos de fontes – escritas, iconográficas, sonoras, etc. – que lle faciliten comprender a música desde as claves creativas e culturais experimentadas polos propios compositores.

1. Metodoloxía

A disciplina de Historia da música ten unha carga lectiva de 2 horas semanais, tanto en 4º como en 5º curso do Grao Profesional.

Nas clases o profesor realiza exposicións orais sobre os diferentes contidos do programa, acompañadas segundo o caso por textos, imaxes, audicións e análise de partituras das diferentes épocas ou estilos. O profesor fornece o material esencial de traballo na aula en forma de caderno, que os alumnos poden fotocopiar, ou acceder a eles en formato informático polas canles axeitadas. Os alumnos atenden e, cando sexa pertinente, anotan contidos teóricos, escoitan audicións, analizan partituras, comentan imaxes ou textos e emiten xuízos de valor sobre os diferentes aspectos propostos. O profesor actúa de guía na exposición e no desenvolvemento das tarefas creativas do alumnado.



2. Atención á diversidade

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo ensinanzas para o alumnado e ó seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención ao alumnado con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe afróntase de un xeito distinto do ensino obligatorio. E importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Se facemos una aproximación más concreta ao concepto, hai alumnos que requieren unha atención más específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que “requieren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta” (LOE, artigo 73, sección primeira, título II). Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I, Artigo 71), refírese a este tipo de alumnado, e enuméranse unha serie de principios relacionados có tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.
2. Correspónelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.



3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado ao que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo iniciarase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerase polos principios de normalización e inclusión.

4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou titores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

- Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias)
- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

3. Temas transversais

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos性, a Educación moral e cívica e a Educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .





3.1 Educación en valores

A través da educación transmítense valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo, hábitos que fan posible que os nenos e os mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade e poidan construír a súa relación co medio.

A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas, porque a música pode entenderse como a conformación sonora e polo tanto sensible dos desexos, das opinións, daquilo que se quere expresar. É a creatividade en grado máximo, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación, a sensibilidade. A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrita senón escoitada. Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demás.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. A Historia da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores, podendo incidir na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC's estarán presentes coa participación do alumnado nas actividades promovidas na Aula Virtual do Conservatorio así como a utilización dos recursos electrónicos dispoñibles e oportunos dos que se dispoña na aula.

Tal como se recolle nas NOF (Normas de Organización e Funcionamento) do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma de calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro da aula. No caso de que algún alumno decida empregar o material de traballo facilitado polo profesor en formato electrónico en vez de im-





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago

Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP

15703Coruña (A)

Tfno. 981519845, Fax 981519845

cmus.santiago@edu.xunta.es

preso, estará permitido o uso de tablets ou ordenadores portátiles que poidan servir ao dito uso, pero nunca o teléfono móvil.

4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Asistencia a concertos e actividades desenvolvidas no conservatorio, xa sexan no centro ou fora del, se se estima oportuno. Calquera actividade adaptarase ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación condicionada pola covid-19.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

O FSE inviste no teu futuro

Páxina 9 de 52



5. Secuenciación do curso

5.1 Curso 4º de Grao Profesional

5.1.1 Obxectivos

Primeira avaliación

1. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas da Idade Media co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
2. Coñecer e comprender a música da Idade Media, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
3. Valorar a importancia da música na sociedade medieval, a través do coñecemento das relacóns establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais más salientables.
4. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro na Idade Media como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
5. Adquirir o hábito de escutar música medieval, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Segunda avaliación

1. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do Renacemento co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
2. Coñecer e comprender a música do Renacemento, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.





3. Valorar a importancia da música na sociedade renacentista, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais más salientables.
4. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no Renacemento como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
5. Adquirir o hábito de escutar música renacentista, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Terceira avaliação

1. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do Barroco co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
2. Coñecer e comprender a música do Barroco, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
3. Valorar a importancia da música na sociedade do Barroco, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais más salientables.
4. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no Barroco como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
5. Adquirir o hábito de escutar música barroca, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.





5.1.2 Contidos

Primeira avaliação

1. A música como feito social e cultural. Introdución á Historia da música e súas fóntes de información. A música na Antigüidade.
2. A música na Idade Media. Periodización. Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical.
3. A monodia sacra: o canto gregoriano. Desenvolvemento da notación: a notación cadrada. Os modos gregorianos. Características do canto gregoriano, formas musicais e práctica interpretativa. Análise e audición comentada de cantos gregorianos.
4. Organoloxía: os instrumentos na Idade Media. Análise iconográfica. Funcións dos instrumentos. Música instrumental.
5. A monodia profana: as cancións dos trovadores. Notación e transcripción. Características, formas musicais e práctica interpretativa. A monodia profana na Península Ibérica e Galicia. Análise e audición comentada de obras.
6. A orixe da polifonía. Primeiros repertorios polifónicos: características, estilos musicais. A evolución da notación. Xéneros musicais: o *organum*. O Códice Calistino. Práctica interpretativa. Análise e audición comentada de obras.
7. A polifonía do s. XIII: *Ars Antiqua*. A evolución da notación. Características musicais. Xéneros musicais: o motete politextual. Práctica interpretativa. Análise e audición comentada de motetes.
8. A polifonía do s. XIV: *Ars Nova*, *Ars Subtilior*. A evolución da notación. Características musicais. Xéneros musicais: o motete isorrítmico e a *chanson*; o *rondeau*. Práctica interpretativa. Análise e audición comentada de motetes e *rondeaux*.
9. Coñecemento dos compositores máis relevantes da Idade Media.
10. Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
11. Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.





12. Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.

Segunda avaliación

1. A música do Renacemento. Periodización. Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical.
2. Notación e transcripción da música renacentista. Desenvolvemento e características xerais da música no Renacemento: textura, harmonía, emprego de cantus firmus, madrigalismos, etc. A polifonía sacra de finais do Renacemento: o estilo de Palestrina. Xéneros musicais e prácticas interpretativas.
3. Organoloxía: os instrumentos no Renacemento. Funcións dos instrumentos. Análise iconográfica. Música instrumental. Análise e audición comentada de obras instrumentais.
4. Xéneros da música vocal. O motete. A misa. O madrigal. Análise e audición comentada de obras dos diversos xéneros e as súas prácticas interpretativas.
5. A música do Renacemento na Península Ibérica. Polifonía en latín e polifonía en lingua vernácula. Xéneros musicais. O villancico. Música instrumental. Análise e audición de obras dos diversos xéneros e das súas prácticas interpretativas.
6. Coñecemento dos compositores máis relevantes do Renacemento.
7. Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
8. Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
9. Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.

Terceira avaliación

1. A música do Barroco. Periodización. Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical.





2. Notación e transcripción da música barroca. Desenvolvemento e características xerais da música no Barroco. O baixo continuo. O canto vocal solista. O concertato. Textura, ritmo, fraseo, harmonía. A teoría dos afectos. Policoralidade. Prácticas interpretativas.
3. Organoloxía: os instrumentos no Barroco. Funcións dos instrumentos. Análise iconográfica.
4. Elementos, formas e estruturas musicais habituais na música barroca. Preludio. Abertura. Chacona e passacaglia. Rondó. Danzas. Fuga. O recitativo e a aria. O tono e o villancico barroco.
5. Principais xéneros vocais barrocos: a ópera, a cantata, o oratorio e a paixón. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
6. Principais xéneros instrumentais barrocos: o preludio e a tocata, a fuga, a suite, a sonata, o concerto. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
7. A música do Barroco na Península Ibérica. Música vocal sacra e profana. A zarzuela. Música instrumental. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
8. Coñecemento dos compositores más relevantes do Barroco.
9. Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
10. Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
11. Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demás.

5.1.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades que se produzan e ofrecer medidas de reforzo no momento necesario. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que serán determinados polo profesor ou profesora en función da súa adecuación aos obxectivos e os contidos que se pretende avaliar. Polo tanto, a avaliación será continua.





Criterios de avaliação

Coa avaliação preténdese coñecer o grao no que se acadaron os obxectivos propostos. Para iso, establecense os seguintes criterios de avaliação:

1. Identificar, a través da audición, obras das diversas épocas e estilos tratados no curso (Idade Media, Renacemento, Barroco), e describir as súas características más salientables. Identificar, a través da audición de obras, con o sen partitura, os trazos esencias dos ditos períodos históricos estilísticos.
2. Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.
3. Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas tratados no curso, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
4. Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento. Identificar as circunstancias de todo tipo – políticas, culturais, económicas, sociais, artísticas, etc.- que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época.
5. Realizar exercicios, comentarios críticos, traballos ou actividades relativos á materia.

Avaliación inicial

Realizarse durante a primeira semana do curso escolar. Comprenderá as seguintes accións: análise dos informes de avaliação do curso anterior, detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/20, e coñecemento personalizado do alumno e da súa situación emocional. Inquirirse a posibilidade de conexión telemática do alumnado. Os resultados guiarán as decisións de actuación por parte do profesorado.





Mínimos esixibles

Primeira avaliación

1. Coñecer a Idade Media como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos aspectos históricos más salientables e os diversos repertorios musicais que se desenvolveron no seu transcurso.
2. Coñecer o canto gregoriano: a notación cadrada, os modos gregorianos, as características musicais, e saber analizar un canto gregoriano en notación cadrada.
3. Coñecer a monodia profana desenvolvida polo movemento trovadoresco, súas principais características musicais, e saber analizar unha canción trovadoresca.
4. Coñecer o repertorio polifónico da *Ars Antiqua* (século XIII), súas principais características musicais, e saber analizar un motete politextual.
5. Coñecer o repertorio polifónico da *Ars Nova* (século XIV), súas principais características, e saber analizar un motete isorrítmico e un *rondeau (chanson)*.
6. Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico.

Segunda avaliación

1. Coñecer o Renacemento como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos aspectos históricos más salientables e os diversos xéneros musicais que se desenvolveron no seu transcurso.
2. Coñecer as características musicais principais da música renacentista.
3. Coñecer e analizar as principais características dun motete renacentista.
4. Coñecer e analizar as principais características dun madrigal.
5. Coñecer e analizar as principais características dun *villancico*.
6. Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico.

Terceira avaliación

1. Coñecer o Barroco como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos aspectos históricos más salientables e os diversos xéneros musicais que se desenvolveron no seu transcurso.





2. Coñecer o baixo continuo e as características musicais principais da música barroca.
3. Coñecer e analizar os xéneros do recitativo e da aria da capo.
4. Coñecer e analizar o xénero da danza.
5. Coñecer e analizar o xénero da sonata.
6. Coñecer e analizar o xénero do concerto.
7. Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral da avaliação é o da avaliação continua.

Realizaranse probas ordinarias, que serán como mínimo as probas trimestrais de avaliação, nun total de tres, correspondendo cada unha das probas a cada unha das avaliações. Poderanse realizar más probas se o docente o considera necesario. No rexistro do alumnado levado polo docente figurarán os resultados das probas trimestrais e de calquera outro tipo de proba, e as anotacións pertinentes sobre a realización de tarefas ou exercicios, e sobre a actitude do alumno.

Procedementos e ferramentas da avaliação:

1. Observar a actitude do alumno na clase, súa puntualidade, e súa realización dos exercicios, traballos, actividades e probas.
2. Realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.





3. Realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
4. Realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
5. Realizar comentarios nos que se relacione a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.
6. Realizar a proba trimestral por avaliación.

En cada unha das probas trimestrais por avaliación, o alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nacionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudiados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

As probas trimestrais por avaliación consistirán nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluir audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.





- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Polo tanto, na avaliación da materia de Historia da música terase en conta tres tipos de actividades fundamentais: proba ou probas trimestrais de avaliación, exercicios e traballos feitos na aula, e actitude. Cada unha destas actividades contribuirá nunha porcentaxe concreta para a nota final do curso, tal como se explica máis adiante no apartado “criterios de cualificación”.

Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima.

Realizarase unha proba trimestral por avaliación, ou varias se se estima conveniente, onde se avaliarán os contidos impartidos en cada trimestre. Haberá un total de tres probas de avaliación, correspondentes a cada unha das avaliacións.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da seguinte ponderación:

- a nota obtida na proba ou probas trimestrais de avaliación suporá un 70 %.
- os traballos, exercicios ou actividades realizados na aula suporán un 20%.
- a actitude e a puntualidade suporán o 10% restante.

Dado o carácter da materia, para superala é necesario aprobar todas e cada unha das tres avaliacións, pois fan referencia a etapas e estilos musicais diversos, cada un con características específicas.





Polo mesmo motivo, a cualificación final do curso será a media das cualificacións das tres avaliacións.

Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web).

No que atinxe á a materia de Historia da música, o alumno que solicite a concesión de ampliación de matrícula deberá realizar unha proba. A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente o alumno. Se un alumno de 4º curso solicita a ampliación a 5º, a programación que se esixirá será a de Historia da música de 4º. Se un alumno de 5º curso solicita a ampliación a 6º, a programación que se esixirá será a de Historia da música de 5º.

No caso de que ao alumno se lle conceda a ampliación de matrícula, cando se incorpore ao novo nivel, terá que recuperar a parte da materia da que non foi avaliado por estar inda no proceso de ampliación, cando sexa o caso.

Proba para a concesión de ampliación de matrícula

Obxectivos

1. Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideo-lóxicos definitorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música incluídos en cada curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.
2. Identificar as novedades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un dos períodos da historia da música incluídos en cada curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.





3. Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre as trazas técnicas propias dos diversos xéneros, tanto de música instrumental como vocal, de cada un dos períodos da historia da música incluídos en cada curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.
4. Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razonada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

Contidos

- para Historia da música de 4º: os especificados anteriormente na presente programación.
- para Historia da música de 5º: os especificados anteriormente na presente programación

Criterios de avaliación

Identificar, explicar e comentar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, as características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.





Características da proba para a concesión de ampliación de matrícula

Nesta proba o alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nacionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudiados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

A proba consistirá nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluir audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Criterios de cualificación





A proba valorarase de 1 a 10. A partir do 5 a cualificación é positiva.

5.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Contémplase a recuperación dos aspectos da materia non superados, que se efectuará no período final do curso antes da avaliación final, mediante probas de carácter parello ás probas trimestrais de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparece indicado anteriormente no título 5.1.3 “Avaliación”, no apartado “Procedementos e ferramentas de avaliación”, ou mediante a realización de exercicios de aula no caso de que sexan estes os que sexa necesario recuperar.

Procedementos de avaliação nos casos en que a avaliação continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliação é o da avaliação continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algúun alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliação. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, ao menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliação continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Na materia presente, a proba consistirá no seguinte:





Unha serie de preguntas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, que poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

A cualificación da proba será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

A partir de 5 a cualificación é positiva.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Na proba extraordinaria de setembro poderanse recuperar os aspectos da materia non superados ao longo do curso. Consistirá nunha proba de carácter parello ás probas tri-





mestrais de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparece indicado anteriormente no título 5.1.3 “Avaliación”, no apartado “Procedementos e ferramentas de avaliação”.

5.1.5 Recursos didácticos

1. Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman, en última instancia, os materiais da historia da música.
2. Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais – coa excepción, quizais, das compostas nos últimos anos– existiron no seu primeiro momento como manuscritos.
3. Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só internet logrou superar en tempos recentes.
4. Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
5. Fontes sonoras.
6. Explicacións na aula
7. Materiais a disposición do alumnado no Curso de Historia da Música da AULA VIRTUAL do Conservatorio.

Bibliografía

- Burkholder, J. P., Grout, D. J., & Palisca, C. V. (2011). *Historia de la Música Occidental*. Madrid: Alianza Editorial.
- Hoppin, R. H. (2000). *La Música Medieval*. Madrid: Ed. Akal.
- Atlas, A. W. (2002). *La Música del Renacimiento. La música en la Europa Occidental, 1400-1600*. Madrid: Ed. Akal.
- Walter Hill, J. (2008). *La Música Barroca*. Madrid: Ed. Akal.
- López Cobas, Lorena (2013): *Historia da Música en Galicia*. Editorial Ouvirmos.





5.1.6 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva semi-presencial

En función da situación sanitaria e das necesidades de organización académica derivadas da COVID-19 poderanse deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, potenciando as competencias dixitais do alumnado e promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática. O centro, de acordo coas directrices da Consellería, poderá determinar, dentro do horario correspondente á materia, a existencia de franxas horarias que permitan que o alumnado poida realizar a formación de forma telemática, sen asistir ao centro educativo. O centro asegurarase de que as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a esta opción formativa; neste sentido atenderase aos resultados da avaliación inicial.

Nesta situación as ferramentas telémáticas poderán apoiarse na videoconferencia e no uso da Aula virtual. As actividades educativas deseñadas neste escenario poderán terán un carácter máis práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua. Os procedementos e instrumentos de avaliación poderanxe adaptar igualmente a este escenario, se non se realizaran na franxa horaria presencial; dita adaptación pode supoñer a realización de traballos ou exercicios específicos que substitúan ás probas trimestrais presenciais de avaliación.

5.1.7 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva non presencial

Neste escenario seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias e educativas.

Se as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro o permiten, atendendo aos resultados da avaliación inicial, a actividade lectiva





desenvolverase de xeito non presencial, apoiándose na videoconferencia e no uso da Aula virtual.

Se a situación non permite o desenvolvemento previsto dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, se modulará a profundidade de tratamiento dos mesmos en funcións das circunstancias. Tendo isto en conta, se fixan os seguintes mínimos, en referencia ao indicado na programación presencial:

Obxectivos: todos os indicados nas correspondentes avaliacións.

Contidos da primeira avaliación: os números 1,2,3,4,5,6,7,10.

Contidos da segunda avaliación: os números 1,2,3,4,5,7.

Contidos da terceira avaliación: os números 1,2,3,4,5,6,7,9.

Criterios de avaliación: os número 1,4,e 5.

Os procedementos e ferramentas de avaliación serán en esencia os previstos: realización da proba trimestral de avaliación, realización de exercicios ou tarefas, e actitude.

A proba trimestral adaptarase ás circunstancias da docencia telemática, e poderá revestir a forma de traballos, exercicios ou tarefas que o alumno remitirá telematicamente ao docente, preferentemente mediante a Aula virtual.

Os criterios de cualificación serán os previstos.

5.1.8 Plan de reforzo e recuperación

Tal como se indica nas Instruccións do 31 de xullo de 2020, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.

A materia de Historia da música de 4º de Grao Profesional non presenta precedente específico no currículo, polo que non hai aprendizaxes imprescindibles que sexa necesario recuperar referidos á Historia da música. Bastará polo tanto considerar os coñecementos previos básicos necesarios para o traballo da Historia da música, que non necesariamente se atopan no curso previo de 3º de Grao Profesional. Polo tanto, o Plan de reforzo e recuperación artéllase do seguinte xeito:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago

Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP

15703Coruña (A)

Tfno. 981519845, Fax 981519845

cmus.santiago@edu.xunta.es

1. Reforzo: repasaranse os conceptos previos necesarios a inicio de curso, e durante o desenvolvemento da materia, en cuestiós referidas a lingua musical, harmonía, análise ou historia. Calquera dúbida será aclarada polo docente, de xeito que se garanta a posesión por parte do alumno das ferramentas necesarias para desenvolver o traballo da materia de Historia da música.
2. Recuperación: os coñecementos previos se incorporan de xeito natural aos exercicios propios da materia de Historia da música, polo cal o proceso de recuperación é paralelo ao desenvolvemento da materia. Calquera déficit neste sentido poderá ser recuperado con exercicios específicos, se é o caso.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

O FSE inviste no teu futuro



5.2 Curso 5º de Grao Profesional

Como queda especificado na introducción da presente programación, o curso pasado 2019/20 o desenvolvemento da actividade docente viuse afectado polo estado de alarma consecuencia do andazo provocado pola COVID-19. Durante o 3º trimestre suspendéronse as actividades lectivas presenciais. Por esta razón, na materia de Historia da música, a parte da docencia correspondente ao 3º trimestre non se pudo desenvolver de maneira axeitada. Isto trae como consecuencia que a materia de Historia de 5º do presente curso 2020/21 retome as aprendizaxes imprescindibles do 3º trimestre de Historia de 4º do ano pasado que, dado o carácter diacrónico da materia, se incorporan na primeira avaliación. Como consecuencia, parte da materia inicialmente prevista para a primeira avaliación trasládase á segunda avaliación.

5.2.1 Obxectivos

Primeira avaliación

1. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do Barroco¹ e do Clasicismo co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
2. Coñecer e comprender a música do Barroco¹ e do Clasicismo, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
3. Valorar a importancia da música na sociedade do Barroco¹ e do Clasicismo, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais más salientes.
4. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no Barroco¹ e no Clasicismo como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

1 Este obxectivo trasladouse a este curso debido ás modificacións na programación do curso anterior pola suspensión das clases lectivas no 3º trimestre do curso pasado.





5. Adquirir o hábito de escutar música do Barroco² e do Clasicismo, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Segunda avaliación

1. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas da obra de Beethoven e do Romanticismo, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
2. Coñecer e comprender a música do Beethoven e do Romanticismo, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
3. Valorar a importancia da música na sociedade da época de Beethoven e do Romanticismo, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais más salientables.
4. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro na época de Beethoven e do Romanticismo como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
5. Adquirir o hábito de escutar música de Beethoven e do Romanticismo, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Terceira avaliación

1. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do século XX e inicios do XXI co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

2 Este obxectivo trasladouse a este curso debido ás modificacións na programación do curso anterior pola suspensión das clases lectivas no 3º trimestre do curso pasado.





2. Coñecer e comprender a música do século XX e inicios do XXI, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
3. Valorar a importancia da música na sociedade do século XX e inicios do XXI, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais más salientes.
4. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no século XX e inicios do XXI como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
5. Adquirir o hábito de escutar música do século XX e inicios do XXI, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

5.2.2 Contidos

Primeira avaliación

1. A música do Barroco. Periodización. Situación da actividade musical no seu contexto social e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical. Organoloxía³.
2. Desenvolvimento e características xerais esenciais da música no Barroco. Fraseo musical. Textura. O baixo continuo. O canto vocal solista. O concertato. Prácticas interpretativas³.
3. Elementos, formas e estruturas musicais habituais na música barroca. Preludio. Abertura. Rondó. Danza. Fuga. O recitativo e a aria. O tono e o villancico³.
4. Principais xéneros vocais barrocos: a ópera, a cantata, o oratorio e a paixón. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras³.

3 Este contido trasladouse a este curso debido ás modificacións na programación do curso anterior pola suspensión das clases lectivas no 3º trimestre do curso pasado.





5. Principais xéneros instrumentais barrocos: o preludio e a tocata, a fuga, a suite, a sonata, o concerto. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras⁴.
6. A música do Barroco en España e Galicia. A zarzuela barroca. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras⁴.
7. A música do Clasicismo. Periodización. Situación da actividade musical no seu contexto social e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical. Organoloxía. A orquestra do Clasicismo.
8. Orixe e características xerais da música no Clasicismo. Fraseo musical. Textura. Harmonía. Relacións tonais.
9. Estruturas habituais no Clasicismo. A forma sonata. Formas binaria e ternaria.
10. Principais xéneros instrumentais do Clasicismo. Sinfonía. Concerto. Sonata. Cuarteto de corda. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
11. Principais xéneros vocais do Clasicismo. Ópera, seria e bufa. Singspiel. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
12. A música do Clasicismo en España e Galicia. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
13. Coñecemento dos compositores más relevantes do Barroco e do Clasicismo.
14. Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
15. Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
16. Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demás.

Segunda avaliación

1. A transición do Clasicismo ao Romanticismo: Beethoven. Periodización. Situación da súa actividade musical na súa época e no seu contexto social e artístico. Comentario de textos e fontes iconográficas.

4 Este contido trasladouse a este curso debido ás modificacións na programación do curso anterior pola suspensión das clases lectivas no 3º trimestre do curso pasado.





2. Características da música de Beethoven. A orquestra na obra de Beethoven.
Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
3. A música do Romanticismo. Periodización. Situación da actividade musical no seu contexto social e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical. Organoloxía. A orquestra romántica.
4. Características xerais da música romántica. Música programática. Temas musicais simbólicos recorrentes. Nacionalismo. Liberdade formal; estruturas musicais habituais. Harmonía. Virtuosismo.
5. Principais xéneros instrumentais no Romanticismo. As pezas breves. O concerto. A sinfonía. O poema sinfónico. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
6. Principais xéneros vocais no Romanticismo. O teatro musical. A ópera italiana. O drama musical wagneriano. O Lied. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
7. A música do Romanticismo en España e Galicia. A zarzuela. A melodía galega. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
8. Coñecemento dos compositores más relevantes do Romanticismo.
9. Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
10. Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
11. Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demás.

Terceira avaliação

1. A música do século XX. Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos musicais. Análise iconográfica relacionada coa actividade musical.
2. Características xerais da música do século XX. Ruptura coa tonalidade tradicional. Melodía, timbre, técnicas harmónicas. Novos sistemas de notación musical.
3. Organoloxía: os instrumentos no século XX. Análise iconográfica.





4. A música dende 1900 ata a 1ª Guerra Mundial. O posromanticismo ou romanticismo tardío. O impresionismo musical. As primeiras obras de Stravinski. A atonalidade. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
5. A música no período de entreguerras. O serialismo ou dodecafonismo. O neoclasicismo. Música de vanguarda. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
6. A música despois da 2ª Guerra Mundial. Novos medios electrónicos. O serialismo integral. A indeterminación ou música aleatoria. A música textural. O minimalismo. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
7. A música en España e Galicia no século XX. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
8. A música a finais do século XX e inicios do século XXI. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
9. Coñecemento dos compositores más relevantes do século XX e inicios de XXI.
10. Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
11. Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
12. Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.

5.2.3 **Avaliación**

En termos xerais, a avaliação terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades que se produzan e ofrecer medidas de reforzo no momento necesario. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que serán determinados polo profesor ou profesora en función da súa adecuación aos obxectivos e os contidos que se pretende avaliar. Polo tanto, a avaliação será continua.

Criterios de avaliação

Coa avaliação preténdese coñecer o grao no que se acadaron os obxectivos propostos. Para iso, establecense os seguintes criterios de avaliação:





1. Identificar, a través da audición, obras das diversas épocas e estilos tratados no curso (Barroco, Clasicismo, Beethoven, Romanticismo, século XX e inicios do XXI), e describir as súas características más salientables. Identificar, a través da audición de obras, con o sen partitura, os trazos esencias dos ditos períodos históricos estilísticos.
2. Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.
3. Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas tratados no curso, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
4. Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento. Identificar as circunstancias de todo tipo – políticas, culturais, económicas, sociais, artísticas, etc.- que poidan incidir no desenvolvimento evolutivo de cada época.
5. Realizar exercicios, comentarios críticos, traballos ou actividades relativos á materia.

Avaliación inicial

Realizarse durante a primeira semana do curso escolar. Comprenderá as seguintes accións: análise dos informes de avaliação do curso anterior, detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/20, e coñecemento personalizado do alumno e da súa situación emocional. Os resultados guiarán as decisións de actuación por parte do profesorado.





Mínimos esixibles

Primeira avaliación

1. Coñecer o Barroco como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relationalo cos aspectos históricos más salientables e os diversos xéneros musicais que se desenvolveron no seu transcurso.
2. Coñecer o baixo continuo e as características musicais principais da música barroca.
3. Coñecer e analizar os xéneros do recitativo e da aria da capo.
4. Coñecer e analizar os xéneros da danza e do concerto.
5. Coñecer o Clasicismo como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relationalo cos aspectos históricos más salientables e os diversos xéneros musicais que se desenvolveron no seu transcurso.
6. Coñecer a forma sonata e súas principais características.
7. Coñecer os xéneros da sinfonía e da sonata para teclado.
8. Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico.

Segunda avaliación

1. Coñecer a obra de Beethoven e o Romanticismo como períodos da Historia da música, situalos cronoloxicamente e relationalos cos aspectos históricos más salientables e os diversos xéneros musicais que se desenvolveron no seu transcurso.
2. Coñecer as características principais da música de Beethoven, aplicadas aos xéneros da sinfonía e da sonata para teclado.
3. Coñecer as principais características da música romántica: nacionalismo, gusto pola música programática, uso de temas musicais simbólicos recorrentes.
4. Coñecer os xéneros da peza breve para piano, a sinfonía programática e o poema sinfónico.
5. Coñecer os principais xéneros e técnicas da música vocal romántica: ópera e Lied.





6. Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico.

Terceira avaliação

1. Coñecer a música do século XX como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos aspectos históricos más salientables e os diversos estilos e correntes musicais que se desenvolveron no seu transcurso.
2. Coñecer as principais características da música do século XX: uso de novos tipos de escalas, uso de novas técnicas harmónicas.
3. Coñecer as principais características do posromanticismo musical.
4. Coñecer as principais características do impresionismo musical.
5. Coñecer as principais características do serialismo ou dodecafonoísmo.
6. Coñecer as principais características do neoclasicismo.
7. Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico.

Procedementos e ferramentas de avaliação

O procedemento xeral da avaliação é o da avaliação continua.

Realizaranse probas ordinarias, que serán como mínimo as probas trimestrais de avaliação, nun total de tres, correspondendo cada unha das probas a cada unha das avaliações. Poderanse realizar máis probas se o docente o considera necesario. No rexistro do alumnado levado polo docente figurarán os resultados das probas trimestrais e de calquera outro tipo de proba, e as anotacións pertinentes sobre a realización de tarefas ou exercicios, e sobre a actitude do alumno.

Procedementos e ferramentas da avaliação:

1. Observar a actitude do alumno na clase, súa puntualidade, e súa realización dos exercicios, traballos, actividades e probas.





2. Realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
3. Realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
4. Realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
5. Realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.
6. Realizar a proba trimestral por avaliación. En cada unha das probas trimestrais por avaliación, o alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nacionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudiados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

As probas trimestrais por avaliación consistirán nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por





medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.

- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Polo tanto, na avaliación da materia de Historia da música terase en conta tres tipos de actividades fundamentais: proba ou probas trimestrais de avaliación, exercicios e traballos feitos na aula, e actitude. Cada unha destas actividades contribuirá nunha porcentaxe concreta para a nota final do curso, tal como se explica máis adiante no apartado “criterios de cualificación”.

Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima.

Realizarase unha proba trimestral por avaliación, ou varias se se estima conveniente, onde se avaliarán os contidos impartidos en cada trimestre. Haberá un total de tres probas de avaliación, correspondentes a cada unha das avaliaciós.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da seguinte ponderación:

- a nota obtida na proba trimestral de avaliación suporá un 70 %.
- os traballos, exercicios ou actividades realizados na aula suporán un 20%.
- a actitude e a puntualidade suporán o 10% restante.

Dado o carácter da materia, para superala é necesario aprobar todas e cada unha das tres avaliaciós, pois fan referencia a etapas e estilos musicais diversos, cada un con características específicas.





Polo mesmo motivo, a cualificación final do curso será a media das cualificacións das tres avaliacións.

Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web).

No que atinxe á a materia de Historia da música, o alumno que solicite a concesión de ampliación de matrícula deberá realizar unha proba. A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente o alumno. Se un alumno de 4º curso solicita a ampliación a 5º, a programación que se esixirá será a de Historia da música de 4º. Se un alumno de 5º curso solicita a ampliación a 6º, a programación que se esixirá será a de Historia da música de 5º.

No caso de que ao alumno se lle conceda a ampliación de matrícula, cando se incorpore ao novo nivel, terá que recuperar a parte da materia da que non foi avaliado por estar inda no proceso de ampliación, cando sexa o caso.

Proba para a concesión de ampliación de matrícula

Obxectivos

1. Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideo-lóxicos definitorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música incluídos en cada curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.
2. Identificar as novedades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un dos períodos da historia da música incluídos en cada curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.





3. Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre as trazas técnicas propias dos diversos xéneros, tanto de música instrumental como vocal, de cada un dos períodos da historia da música incluídos en cada curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.
4. Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razonada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

Contidos

- para Historia da música de 4º: os especificados anteriormente na presente programación.
- para Historia da música de 5º: os especificados anteriormente na presente programación

Criterios de avaliación

Identificar, explicar e comentar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, as características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso, 4º ou 5º segundo sexa o caso, tal como se indican nos contidos respectivos de cada curso.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.





Características da proba para a concesión de ampliación de matrícula

Nesta proba o alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nacionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudiados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

A proba consistirá nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluir audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Criterios de cualificación

A proba valorarase de 1 a 10. A partir do 5 a cualificación é positiva.





5.2.4 Medidas de recuperación

Procedimentos de recuperación ordinarios

Contémplase a recuperación dos aspectos da materia non superados, que se efectuará no período final do curso antes da avaliación final, mediante probas de carácter parello ás probas trimestrais de avaliación efectuadas ao longo do curso, tal como aparece indicado anteriormente no título 5.2.3 “Avaliación”, no apartado “Procedimentos e ferramentas de avaliación”, ou mediante a realización de exercicios de aula no caso de que sexan estes os que sexa necesario recuperar.

Procedimentos de avaliação nos casos en que a avaliação continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliação é o da avaliação continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliação. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, ao menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedimentos ordinarios da avaliação continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Na materia presente, a proba consistirá no seguinte:

Unha serie de preguntas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, que poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respuestas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:





- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

A cualificación da proba será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

A partir de 5 a cualificación é positiva.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Na proba extraordinaria de setembro poderanse recuperar os aspectos da materia non superados ao longo do curso. Consistirá nunha proba de carácter parello ás probas trimestrais de avaliação efectuadas ao longo do curso, tal como aparece indicado anteriormente no título 5.2.3 “Avaliación”, no apartado “Procedementos e ferramentas de avaliação”.



5.2.5 Recursos didácticos

1. Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman, en última instancia, os materiais da historia da música.
2. Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais – coa excepción, quizais, das compostas nos últimos anos– existiron no seu primeiro momento como manuscritos.
3. Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só internet logrou superar en tempos recentes.
4. Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
5. Fontes sonoras.
6. Explicacións na aula.
7. Materiais a disposición do alumnado no Curso de Historia da Música da AULA VIRTUAL do Conservatorio.

Bibliografía

- Burkholder, J. P., Grout, D. J., & Palisca, C. V. (2011). *Historia de la Música Occidental*. Madrid: Alianza Editorial.
- Walter Hill, J. (2008). *La Música Barroca*. Madrid: Ed. Akal.
- Downs, P. G. (1998). *La Música clásica: era de Haydn, Mozart y Beethoven*. Madrid: Ed. Akal.
- Plantinga, L. (1992). *La Música Romántica*. Madrid: Ed. Akal.
- Morgan, R. P. (1994). *La Música del siglo XX*. Madrid: Ed. Akal.
- López Cobas, Lorena (2013): *Historia da Música en Galicia*. Editorial Ouvirmos.





5.2.6 Adaptación a un posible escenario de actividad lectiva semi-presencial

En función da situación sanitaria e das necesidades de organización académica derivadas da COVID-19 poderan deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, potenciando as competencias dixitais do alumnado e promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática. O centro, de acordo coas directrices da Consellería, poderá determinar, dentro do horario correspondente á materia, a existencia de franxas horarias que permitan que o alumnado poida realizar a formación de forma telemática, sen asistir ao centro educativo. O centro asegurarse de que as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a esta opción formativa; neste sentido atenderase aos resultados da avaliación inicial.

Nesta situación as ferramentas telémáticas poderán apoiarse na videoconferencia e no uso da Aula virtual. As actividades educativas deseñadas neste escenario poderán terán un carácter más práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua. Os procedementos e instrumentos de avaliación poderan adaptar igualmente a este escenario, se non se realizaran na franxa horaria presencial; dita adaptación pode supoñer a realización de traballos ou exercicios específicos que substitúan ás probas trimestrais presenciais de avaliación.

5.2.7 Adaptación a un posible escenario de actividad lectiva non presencial

Neste escenario seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias e educativas.

Se as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro o permiten, atendendo aos resultados da avaliación inicial, a actividade lectiva desenvolverase de xeito non presencial, apoiándose na videoconferencia e no uso da Aula virtual.

Se a situación non permite o desenvolvemento previsto dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, se modulará a profundidade de tratamiento dos mesmos en fun-





cíons das circunstancias. Tendo isto en conta, se fixan os seguintes mínimos, en referencia ao indicado na programación presencial:

Obxectivos: todos os indicados nas correspondentes avaliacóns.

Contidos da primeira avaliación: os números 1,2,3,7,8,9,10,11,14.

Contidos da segunda avaliación: os números 1,2,3,4,8,9.

Contidos da terceira avaliación: os números 1,2,4,5,6,9,10.

Criterios de avaliación: os número 1,4,e 5.

Os procedementos e ferramentas de avaliación serán en esencia os previstos: realización da proba trimestral de avaliación, realización de exercicios ou tarefas, e actitude.

A proba trimestral adaptarase ás circunstancias da docencia telemática, e poderá revestir a forma de traballos, exercicios ou tarefas que o alumno remitirá telematicamente ao docente, preferentemente mediante a Aula virtual.

Os criterios de cualificación serán os previstos.

5.2.8 Plan de reforzo e recuperación

Tal como se indica nas Instruccións do 31 de xullo de 2020, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.

Polo tanto, na materia de Historia da música de 5º de Grao Profesional recuperaranse as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado na materia de Historia da música de 4º de Grao Profesional. Con este fin, ditas aprendizaxes foron incorporadas na primeira avaliación, tal como se especificou na presente programación. Polo tanto, o Plan de reforzo e recuperación artéllase do seguinte xeito:

1. Reforzo: repasaránse os conceptos previos necesarios a inicio de curso, e durante o desenvolvemento da materia, en cuestións referidas a lingua musical, harmonía, análise ou historia. Calquera dúbida será aclarada polo docente, de xeito que se garanta a posesión por parte do alumno das ferramentas necesarias para desenvolver o traballo da materia de Historia da música.





2. Recuperación: os coñecementos previos se incorporan ao traballo da primeira avaliación e aos exercicios propios da materia, polo cal o proceso de recuperación é paralelo ao desenvolvemento da materia. Calquera déficit neste sentido poderá ser recuperado con exercicios específicos, se é o caso.

6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Consistirán nunha avaliación continua por parte do profesor da especialidade da programación didáctica, rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse. Ademais nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición levarase a cabo un seguimento da programación co mesmo fin.

7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo; trataranse conjuntamente co seguimento da programación.





8. ANEXOS

8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Non se contemplan nesta materia.

8.2 Probas de acceso a 2º, 3º e 4º curso do grao elemental

Non proceden nesta materia.

8.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do grao profesional

8.3.1 Proba de acceso a 5º curso

Obxectivos

Os indicados na presente programación para 4º de Historia da música.

Contidos

Os indicados na presente programación para 4º de Historia da música.

Características da proba de acceso a 5º curso

O alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudiados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

As probas consistirá nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción





con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Criterios de cualificación

A proba valorarase de 1 a 10. A partir do 5 a cualificación é positiva.

8.3.2 Proba de acceso a 6º curso

Obxectivos

Os indicados na presente programación para 4º e 5º de Historia da música.

Contidos

Os indicados na presente programación para 4º e 5º de Historia da música.





Características da proba de acceso a 6º curso

O alumno deberá demostrar que domina os contidos da materia, e os seus aspectos nacionais (periodización, principais épocas e escolas, compositores estudiados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras e súas características, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

As probas consistirá nunha serie de preguntas concretas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, e poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relate a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Criterios de cualificación

A proba valorarase de 1 a 10. A partir do 5 a cualificación é positiva.

8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Non se contemplan nesta materia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago

Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP

15703 Coruña (A)

Tfno. 981519845, Fax 981519845

cmus.santiago@edu.xunta.es

8.5 Sección bilingüe

Non se contempla neste curso.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

O FSE inviste no teu futuro

Páxina 52 de 52